

CONCRECIÓN ANUAL PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

DATA ELABORACIÓN:

NOVIEMBRE DE 2022



Contido

1.OBXECTIVOS	3
2.CONTIDOS	3
3.ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN.....	5
Actividades de información, seguimento e control.	5
Actividades de cohesión grupal.	6
Actividades de habilidades sociais.....	6
Actividades de toma de decisións.....	6
Actividades vinculadas ao Equipo de Dinamización da Biblioteca.....	7
4.METODOLOXÍA.....	7
5.AVALIACIÓN E SEGUIMENTO.....	8

1. OBXECTIVOS

Os obxectivos xerais do Plan de Acción Titorial (PAT) son os que debe cumprir a acción titorial e orientadora en xeral:

1. Contribuír á personalización da educación, integradora de todos os aspectos, propiciando unha educación individualizada, referida a persoas concretas, con aptitudes e intereses diferenciados.
2. Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares dos alumnos, axustando á actividade docente ao alumno/a e non ao revés.
3. Resaltar os aspectos orientadores da educación (Orientación na vida e para a vida), atendendo ao contexto real en que vive o alumnado, ao futuro que lles espera, favorecendo a adquisición de aprendizaxes máis funcionais, conectados co contorno.
4. Favorecer os procesos de madureza persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistemas de valores, e da progresiva toma de decisións a medida que os alumnos/as toman decisións na súa vida.
5. Previr as dificultades de aprendizaxe, anticipándose a elas e evitando, no posible, fenómenos non desexados como o abandono, o fracaso ou a inadaptación escolar.
6. Contribuír á adecuada relación entre os distintos integrantes da comunidade educativa: profesores, alumnado e familias, así como o contorno social.

2. CONTIDOS

Os contidos a desenvolver nas titorías preséntanse agrupados en torno aos seguintes eixes:

- Información, seguimento e control.
- Cohesión do grupo.
- Técnicas de traballo instrumental.
- Habilidades sociais.
- Toma de decisións.
- Actividades vinculadas ao Equipo de Dinamización da Biblioteca

Esta presentación dos contidos non trata de limitar a capacidade de decisión dos titores/as, senón que intenta sistematizar a programación da titoría buscando actividades e materiais que se adapten, o mellor posible, ao grupo de alumnos/as onde se desenvolverán. Os titores/as no uso das súas atribucións empregarán as actividades base deste plan, axustándoas sempre ás circunstancias e necesidades do seu grupo-clase.

3. ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

As actividades propostas agrúpanse en torno aos eixes de contido antes mencionados.

Actividades de información, seguimento e control.

Agrúpanse neste apartado todas aquelas actividades que procuran un mellor coñecemento do alumnado, do centro, das familias etc. así como un seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.

ACTIVIDADE	DESCRIPCIÓN
Presentación alumnado e profesorado	Técnicas de dinámicas de grupo de presentación.
Registro do estado da aula ao inicio do curso	Ao inicio do curso realizarase unha valoración do estado da aula por parte do grupo-clase e o titor/a, da que se tomará acta.
Normas do centro. Dereitos e deberes do alumnado	Lectura das normas establecidas no centro.
Obtención de datos escolares, familiares e persoais	Obtención dos datos significativos do alumnado a través da ficha de recollida.
Elección de delegado/a	Analizaranse as función do delegado, xunta de delegados e elixirase de acordo coas normas establecidas nas NOF.
Presentación ás familias e reunións de seguimento.	Ao inicio do curso e ao longo do mesmo concertarase reunións coa familia para facilitar o intercambio de informacións.
Horario de estudo	Elaboración dun horario individual e control periódico do seu cumprimento.
Recollida de información para a avaliación inicial	O titor/a deberá recoller a información relevante do alumnado para compartila na avaliación inicial.
Resultados da avaliación	Mediante a técnica que o titor/a considere axeitada: debate, enquisa etc. pór en común a marcha académica do curso.

Actividades de cohesión grupal.

Este grupo de actividades trata de favorecer a integración do individuo no grupo, como motor de crecemento persoal e académico.

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN
Programa de acollida	Actividades para facilitar o coñecemento do grupo-clase e a súa integración. Aconsellable no 1º trimestre.
Sociograma	Cuestionario de aceptación-rexeitamento e percepción da situación no grupo-clase. Pode realizarse en calquera momento, en función das necesidades.
Actividades para facilitar o coñecemento e a cohesión do grupo-clase	O profesorado disporá de recursos para facilitar o coñecemento e cohesión grupal.
Debates, coloquios...	Organización de debates sobre temas concretos (pódense aproveitar os temas transversais). Pódense empregar diversas técnicas: relatorio, discusión con moderador, quenda de palabras, etc. Na biblioteca está a disposición do profesorado o material <i>"Relatos para crear titorías"</i> . Edicións Aljibe.

Actividades de habilidades sociais.

Estas actividades pretenden fomentar a conduta asertiva e axudar na resolución dos conflitos.

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN
Programa de habilidades sociais	<ul style="list-style-type: none">• Dirixido ao alumnado sancionado con medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia.• Dirixido de forma preventiva á todo o alumnado, incidindo especialmente no alumnado que comeza a etapa da ESO.
Actividades para fomentar a igualdade e prevención da violencia de xénero	Ademais da celebración do 25 de Novembro, traballárase ó longo de curso esta temática, coa colaboración de axentes externos especializados.
Actividades para previr condutas delitivas empregando medios tecnolóxicos	Fomentárase a participación de axentes externos especializados nestas temáticas.
Actividades dirixidas á prevención de drogodependencias.	Fomentárase a participación de axentes externos especializados nestas temáticas.
Actividades dirixidas a traballar a Intelixencia emocional	Será de utilidade o material publicado pola Consellería de Educación dirixida a traballar o Benestar Emocional.

Actividades de toma de decisións.

Este tipo de actividades deben entenderse como parte dun proceso. A tomar decisións apréndese, polo que estas actividades non deberían reducirse ás que teñen que ver coa decisión vocacional. Se o alumnado aprende a tomar decisións, (busca de información, selección, interpretación, asunción de responsabilidade), simples ou complexas, seralles máis doado enfocar a toma de decisión vocacional.

ACTIVIDADE	DESCRIPCIÓN
Programa de toma de decisións	Actividades para facilitar as eleccións académicas e profesionais. Programa orienta 22-23 Guía de información académica e profesional en 3º e 4º ESO , elaborado polo DO.
Programa de orientación académica e profesional	Actividades para facilitar as eleccións académicas e profesionais.
Organización de mostras educativas, mesas redondas, etc.	Prevese a organización da II Mostra de Orientación no concello de A Estrada, organizada polos departamentos de orientación dos centros educativos da vila.

Actividades vinculadas ao Equipo de Dinamización da Biblioteca.

ACTIVIDADE	DESCRIPCIÓN
Celebración de efemérides	Dende as titorías promoverase a colaboración do alumnado nas actividades propostas.
Clubes de Lectura	O alumnado voluntario traballará arredor de distintas obras literarias, temáticas de interese como atención á diversidade, igualdade, etc.

4. METODOLOXÍA

Para o desenvolvemento desta concreción, o PAT será o documento base que conta co material necesario para exercer a función titorial, especialmente da man do profesorado titor.

Non obstante, contaremos coa colaboración de axentes externos especializados que garantan que os contidos recollidos neste documento cheguen ao alumnado coa maior calidade posible.

A Biblioteca será un recurso fundamental na aplicación deste Plan, a través da organización de actividades e dos propios recursos a disposición do alumnado.

Con todo, non podemos esquecer que todo o profesorado é titor, de modo que a través das distintas materias contribuímos á consecución dos obxectivos marcado.

5. AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO

A avaliación será continua e tomaranse como referencia os obxectivos específicos do PAT para determinar o seu grao de consecución e proceder á súa modificación se fose necesario.

A avaliación será cualitativa e realizarase mediante instrumentos de recollida de datos para o súa posterior análise e discusión no grupo clase e nas sesións de coordinación de titorías. Estes servirán a súa vez como memoria de actuacións.

Consideraremos útil este PAT na medida en que avance ao longo deste curso á consecución dos obxectivos xerais marcados ao inicio deste documento.

A Estrada, 30 de novembro de 2022

Asdo: Lourdes Bao Cebeiro

Xefa do departamento de orientación